

**D. Manuel Vila López, Secretario do Padroado da Fundación “Cidade da Cultura de Galicia” con NIF G15721640, e domicilio a efectos de notificacións en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia, Edificio CINC terceiro andar (Monte Gaiás), 15707 de Santiago de Compostela (A Coruña)**

## **CERTIFICA**

**Primeiro.-** Que en data de 23 de xuño de 2020, convocouse regulamentariamente reunión ordinaria do Padroado da Fundación Cidade da Cultura, incluíndo na Orde do Día, o punto 2: “Aprobación das contas anuais da Fundación correspondentes ao exercicio 2019.

**Segundo.-** Que a dita reunión asisten:

- Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura e Turismo.
- Manuel Vila López, Secretario Xeral Técnico da Consellería de Cultura e Turismo.
- Anxo Manuel Lorenzo Suárez, Director Xeral de Políticas Culturais.
- María del Carmen Martínez Insua, Directora Xeral do Patrimonio Cultural.
- David Cabañó Fernández, Director Xeral de Política Financeira, Tesouro e F.E.
- Pedro Antonio Otero Espinar, Xerente de Afundación.
- Miguel Ángel Escotet, Director xeral de responsabilidade social corporativa e comunicación ABANCA.
- María Socorro Martín Hierro, Secretaria Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda.
- María Elena Barca Ramos, en representación da Axencia de Turismo de Galicia.
- Xosé Antonio Sánchez Bugallo, Alcalde do Concello de Santiago.
- Raúl López López, presidente de Transmonbus, S.L.

**Delegan representación e voto:**

- Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (delega en Presidente do Padroado)
- Lucas Martiñón Torres, Director Xeral de Comunicación de Consellería de Presidencia (delega en Presidente do Padroado)
- Marta Menéndez Martínez, (Directora para Galicia de Telefónica de España (delega en Presidente do Padroado).
- Valeriano Martínez García, Conselleiro de Facenda (delega en Presidente do Padroado).



**Terceiro.-** Que na acta da reunión consta que foron adoptados, de conformidade cos requisitos establecidos nos estatutos da Fundación, por unanimidade, os seguintes acordos:

- a) Aprobar as contas anuais correspondentes ao exercicio 2.019 pechado o 31 de decembro de 2.019.
- b) Destinar no exercicio ós fins fundacionais, recursos en forma de gasto e investimento directamente asociadas ás actividades desenvoltas en cumprimento de fins, segundo se detalla na Nota da Memoria relativa á aplicación de elementos patrimoniais a fins propios, elaborada na forma determinada no artigo 30 do Regulamento de Fundacións de interese galego, aprobado por Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro.
- c) Aprobar a proposta de aplicación do excedente na forma establecida na Nota 3 da Memoria de conformidade cos criterios que se establecen no artigo 35 da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego, desenvolto polo artigo 30 do Regulamento de Fundacións de Interese Galego, aprobado polo Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro.
- d) Achegar coa certificación que se expida do presente acordo, as contas anuais asinadas pola Xerente da Fundación e aprobadas, integradas polos documentos previstos no artigo 36 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.
- e) Achegar informe de auditoría, dado que está obrigada a someter as súas contas a verificación de auditor.

E para que conste, expido este certificado co visto e praxe de D. Román Rodríguez González, actual Presidente do Padroado da fundación, na data da sinatura dixital.

O Secretario da Fundación Cidade da  
Cultura de Galicia  
D. Manuel Vila López

Vº Bº O Presidente da Fundación  
Cidade da Cultura de Galicia  
D. Román Rodríguez González

